

VIGO LITERARIO

Manuel Forcadela

Unha iniciativa de



co apoio de



Poucas cidades no mundo dispoñen, dentro do seu inventario patrimonial, dunha mención literaria tan antiga como a que Vigo posúe: *Ondas do mar de Vigo*, Martín Códax, S. XIII. A vella igrexa parroquial de Santiago de Vigo, situada, segundo Xosé María Álvarez Blázquez, no final da actual rúa de Pontevedra, sería o lugar referido no texto como “o sagrado”, isto é, o lugar dedicado á celebración relixiosa, o espazo onde a amiga que enuncia o poema ten unha cita coincidindo coas festas patronais do lugar, co seu namorado, embarcado nas naves d’El Rei, soldado, por tanto, nas tarefas militares da Reconquista. O lugar desde o que esa voz, antiquísima e misteriosa, fala unha e outra vez, cada vez que actualizamos, a través da lectura silente ou da palabra viva, o poema, segue a estar aí, mais agora as condicións urbanas que lle serven de atavío están ben lonxe daquelas que fundamentaron a beleza do seu canto.

Hoxe o lugar é un espazo carente de calquera posibilidade de sedución literaria, por moita imaxinación que lle botemos ao asunto, mais o certo é que, sen a penas desprazármolos de alí, simplemente encamiñándonos cara ao mar, presente no veciño paseo de Montero Ríos, poderemos proceder a evocar o canto medieval, e mesmo escenificarmos a situación patética da rapariga que axexa o horizonte á procura dunha nave que veña de regreso.

Este mirar ao mar sería unha posición imprescindible para comprendermos a relación entre a literatura de creación e a cidade. Os poetas de toda época e condición que habitaron na cidade ollaron para o mar, “ise camiño” en palabras de Celso Emilio Ferreiro. Un mar por veces encrespado, por veces tranquilo, sempre obxecto da incógnita e do misterio. O mesmo mar polo que chegará o capitán Nemo ao mando do seu submarino Nautilus dentro da obra novelística de Jules Verne para procurar os tesouros perdidos de Rande, naquel combate contra os ingleses que tivo lugar en 1702. O mesmo mar que evocará Manuel Antonio, mesmo desde a nostalxia da cidade: *E Vigo está tan lonxe / que se desorientaron as cartas mariñas*. O mesmo mar que Hemingway visitará e mencionará nos seus artigos. Ou Stephen Zweig nas súas memorias.

Para calquera amante da literatura, sexa ou non habitante da cidade, é evidente que o lugar está impregnado por un magnético feitizo e o simple feito de sabermos que novecentos anos atrás esas mesmas ondas, coas illas Cíes ao fondo, foron evocadas de tal xeito provoca un arrepío de fascinación e de piedade a un tempo. Sobre esa mesma paisaxe inspiraríanse Xoana Torres, Luz Pozo, Méndez Ferrín, Xosé María Álvarez Cáccamo, Anxo Angueira..., de maneira que o mar de Vigo, desde a Illa de San Simón, cantada por Mendiño, na súa celeberrima cantiga, ata as Cíes misteriosas e distantes, converteuse nunha das paisaxes por excelencia da nosa tradición literaria.

Vigo é, ademais, tal e como sosteño desde hai algún tempo, unha cidade assolagada. A razón desta peculiaridade non é outra que a estatua do “Sireno”, unha peza insólita do escultor Leiro que destaca no alto do seu pedestal no mesmo centro da Porta do Sol, o corazón da cidade. Se o “Sireno” está nadando alá enriba é porque todos os demais, sen dármonos conta, estamos por debaixo do nivel da auga, de maneira que a nosa é unha existencia surreal, unha vida sobrelevada dentro deste mar que nos posúe e que ocupa por completo o noso espazo onírico e secreto. Na Praza da Estrela, non moi lonxe dese lugar desde o que se laiaba a namoradiña de Martín Códax, está o “Nadador”, outra peza de Leiro que evoca esta característica dunha cidade ocupada polo mar.

Desde o monte da Guía, en cuxo instituto deron clase Torrente Ballester, Camilo Gonsar, Xosé María Álvarez Cáccamo, Luís González Tosar, Manuel Vilanova, ata os areais de Coruxo, onde os irmáns Álvarez Blázquez, xunto con Fernández del Riego, Cunqueiro, entre outros, reconduciron a tradición literaria galega na posguerra, Vigo e o seu mar conteñen as pegadas e as sombras de todos os poemas e textos que inspiraron. Contra esas mesmas ondas dirixiron a súa ollada poetas e escritores de toda época e condición, mesmo como se a namorada de Martín Códax os contivese simbolicamente a todos.

Un dos máis peculiares habitantes que posuía esta cidade ata non hai moito tempo era, sen dúbida, Álvaro Cunqueiro, mindoniense de orixe mais arraigado en Vigo, a onde chegou a inicios dos anos sesenta. Podemos visitar o que eu denominaría o seu hábitat natural percorrendo as escasas distancias que separan tres puntos ben próximos: a súa casa da rúa Marqués de Valladares, que dispón dunha placa conmemorativa na porta; o edificio do *Faro de Vigo*, xornal no que traballou e que chegou a dirixir, na rúa Colón; o local da Editorial Galaxia, que publicou a totalidade das súas obras en lingua galega, situada no número 1 da rúa Reconquista, xa na mesma Alameda, tamén chamada Praza de Compostela. Alí o traballo silente pero constante de homes como Francisco Fernández del Riego, obtivo como froito a recuperación cultural de Galicia na posguerra, con textos tan definitivos como a *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro ou o *Merlín e familia* do propio Álvaro Cunqueiro. Este pequeno percorrido devolveranos a imaxe dun Vigo trepidante e intenso mais aínda semellante a aqueloutro que se foi. A efíxie do escritor a pasear pola Alameda perseguindo o voo dos estorniños nos días outonizos é, sen dúbida, unha das rememoracións máis felices de cantas puidésemos levar a cabo os vigueses, mesmo como proposta estatuaría.

Se avanzamos un pouquiño máis cara ao chamado Casco Vello, seguindo a mesma rúa de Marqués de Valladares, encontramos o Hotel Nilo, onde Eduardo Branco Amor viviu nos seus últimos anos, non moi lonxe do lugar en que un dos

irmáns Álvarez Blázquez, Darío, tiña aberta a súa consulta. Nas habitacións deste vello hotel, agora reformado, andaban as sombras dos personaxes de Blanco Amor, exemplo dun modelo de escritor itinerante, habitante de hotel, que resulta tan suxestivo como evocador. O emigrante eternamente solteiro, acostumado á vida dos cafés e das redaccións de xornal, sen máis fogar que as páxinas dos libros nin máis acubillo que unha cama de aluguer. Entre o hotel Nilo de Blanco Amor e o piso de Cunqueiro, situados cada un nun dos extremos da rúa, deambula unha parte considerable da nova literatura de posguerra, máxime se temos en conta que xusto no medio, baixando uns poucos metros cara a Alameda está, como xa dixemos, a sede histórica da Editorial Galaxia.

Non moi lonxe de alí, subindo para atravesar a rúa de Policarpo Sanz, noutro tempo considerada a rúa máis fermosa de España, na taberna de Elixio, a pique de ser definitivamente estragada polo avance do urbanismo depredador, encontramos o punto de reunión dunha asemblea de xenios presidida por Urbano Lugrís, pintor extraordinario e outro dos nosos firmes candidatos a ser disposto perante a cidadanía en monumento conmemorativo. O mundo imaxinario de Cunqueiro e de Lugrís segue a ser, a día de hoxe, o referente de fondo sobre o que tanto vigueses como galegos elaboramos a nosa imaxe de nós mesmos. As imaxes mariñas de Lugrís só se poden comprender logo de vermos mil e unha veces os innumerables matices que as rías ofrecen ao longo do ano, na súa progresión cromática irrepitible. Nesa taberna do Elixio comparecían pintores (Lugrís, Laxeiro, Lodeiro...) escritores (Cunqueiro, Castroviejo, Ferrín, Fernández del Riego...) e calquera cidade sensata tería establecido o lugar como un espazo de culto, merecedor de ser preservado para a posteridade, aínda que isto significase mudar a súa actual condición por outra se cadra museística. Xusto por tras da taberna, no lugar onde agora se edifica a futura sede do Colexio de Arquitectos de Vigo, encontrábase a sede do xornal *El Pueblo Gallego*, de Manuel Portela Valladares, edificio infelizmente desaparecido e que acaso tamén fose merecedor dun destino diferente.

Xa entrados nos restos do que Vigo foi ata o século XIX, percorrendo o labirinto dunhas rúas que tiñan o seu linde oriental na rúa Carral e o occidental no mesmo porto do Berbés, encontramos algunhas xoias incomparables. En primeiro lugar, a imprenta de Joan Companyel, na rúa Real, o lugar onde se levou a cabo en 1863 a edición de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Estamos no Vigo anterior ao seu espaxamento cara ao primeiro ensanche no oriente da cidade, a Alameda e as chamadas Avenidas, camiño do encontro urbanístico co barrio de Teis. Aquí as pedras teñen unha resonancia secular e, sen dúbida, por debaixo deste lousado pisado durante séculos por xeracións e xeracións, se encontra a mesma disposición das rúas romanas e, alén diso, do

Vigo prerromano. Aquí, nun día remoto do anos sesenta do século XIX, compareceron as sombras de Rosalía de Castro e de Manuel Murguía para levar a cabo a encarga da edición do primeiro poemario galego da autora. Joan Companyel sería por tanto o precursor da moderna industria editorial galega, establecida fundamentalmente en Vigo, xerme dunha longa listaxe que incluíría as modernas Edicións Xerais, do Cumio, Ir Indo, Nigra, Castrelos, Galaxia... En Vigo, por tanto, a literatura non só foi creada senón tamén disposta para a súa divulgación, para o seu espallamento por todo o país.

Un percorrido polo Berbés, descomunal porto pesqueiro, correlato occidental da Estación Marítima, punto de ingreso e partida para as Américas, onde Chano Piñeiro rodaría unha parte importante da súa *Sempre Xonxa*, filme fundador da moderna industria audiovisual galega, levaranos, a través da rúa de Poboadores, ata o Paseo de Afonso XII, espectacular miradoiro da ría, lugar en que a contemplación da paisaxe circundante adquire unha dimensión certamente cinematográfica. Por esa mesma rúa de Poboadores, conexión telúrica entre o Vigo baixo e alto, debía camiñar antes de 1930, ano da súa morte, Manuel Antonio Pérez Sánchez, mais coñecido como Manuel Antonio, o máis radical e vangardista entre os poetas de antano. A casa en que vivía, aínda hoxe sen placa conmemorativa, abre a súa mirada para o mar e a distancia, mesmo como unha metáfora do Vigo industrial e moderno edificado sobre os salarios das industrias pesqueiras e os estaleiros, así como tamén da industria automobilística. Camiñando entre esa casa e o pailebote *Constantino Candeeira*, atracado nos peiraos próximos, foron pensados moitos dos poemas fundadores da literatura galega moderna. Por aí circularon as influencias do futurismo e do surrealismo, do creacionismo. Mais *Vigo está tan lonxe / que se desorientaron as cartas mariñas*. Nese ámbito marítimo da beiramar viguesa aínda debían resoar os ecos da radio que o mesmo Marconi mostrou aos vigueses desde a atalaia dun transatlántico inglés, tal e como nolo relata María Xosé Queizán en *Amor de Tango*, novela viguesa onde as haxa.

Un pouquiño máis alá, no inicio da rúa de Pi Margall, encontrábase a librería de vello de Xosé María Álvarez Blázquez, onde traballaba como colaborador un xovencísimo Darío Xoán Cabana, logo notabilísimo poeta e tradutor para o galego da Divina Comedia. A rúa é, en realidade, un corredor sen entidade propia que conecta o populoso barrio das Travesas e o centro da cidade, o que corrobora a visión da cidade, instituída por Otero Pedrayo e continuada por Ferrín, como unha bisbarra, conxunto de barrios interconectados mais sen unha entidade conxunta, desde Teis a Coruxo, pasando por Lavadores, Coia, O Calvario... Esta cidade en rede, tan semellante a moitas cidades americanas e situada no mesmo paralelo que Nova York, sería,

por vocación e por historia, a impulsora da modernidade en Galicia e aínda, alén diso, da posmodernidade. Se Compostela é a tradición milenaria, a plasmación en pedra dun xeito de ser que vai desde o románico ao barroco, Vigo sería o caos, lugar de confrontación das diferentes tensións ideolóxicas e sociais, o punto en que se entrecruzan o moderno e o tradicional, o autóctono e o alleo.

Con todo, é o das Travesas, xunto co do centro, o barrio onde a literatura ten dado maiores froitos, converténdose, de feito, desde a década dos anos sesenta, no lugar de encontro neuráxico de varias xeracións de creadores. Alí sitúanse dúas das institucións fundamentais no devir literario da cidade: o Instituto Santa Irene e o café De Catro a Catro. No primeiro, e baixo a sombra docente de profesores como Evaristo de Sela, tradutor da *Ilíada* e a *Odisea* ao galego, Leónidas de Carlos, Manuel Caamaño e tantos outros formouse unha parte fundamental da intelectualidade viguesa e, con ela, dos seus escritores. Hoxe, Méndez Ferrín, Xosé Ramón Pena, Manuel Rosales, continúan esa tradición intelectual e laica, exemplo dun ensino público de calidade. Aínda vixente e frecuentado por un público numeroso, o café De Catro a Catro, que toma o seu nome do extraordinario poema de Manuel Antonio, foi desde a súa fundación en 1980 e ata a actualidade lugar de encontro de escritores, chegando a se converter, certamente, no café da República das Letras. Varias xeracións literarias, desde os 50 ata os 90, déronse cita nas súas mesas e sobre o seu chan entaboadado circularon centos de ideas que logo se plasmaron en poemarios, novelas, ensaios, proxectos editoriais, ciclos de conferencias, e todo tipo de actividades culturais e literarias.

As Travesas é, ademais de primeiro barrio de ensanche, punto de confluencia entre o Vigo dos estaleiros e o Vigo do automóbil, cabeza igualmente do veciño barrio de Coia, circunstancia esta que converteu o lugar, fronte ao centro conversador e burgués, en zona de frecuentación para os novos habitantes chegados en masa durante as décadas dos sesenta e setenta. Dalgún xeito, a Galicia proletaria dos poemas de Celso Emilio Ferreiro ou de Ferrín, está, claramente, vinculada ás Travesas e a mesma contraposición literaria que se produce na tradición literaria galega a mediados dos anos sesenta, entre o culturalismo e o realismo máxico, por unha banda, e o compromiso e a Nova Narrativa, por outra, é tamén, desde o punto de vista espacial, resultante do contraste entre As Travesas e o centro. As figuras de Ferrín, Camilo Gonsar, María Xosé Queizán, Xavier Baixeras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Manuel Vilanova, Vítor Vaqueiro... habitantes dos novos barrios, elevaron a calidade humana e cultural deste entorno trepidante, aportándolle á cidade propostas e perspectivas que a situaron na mesma vangarda, desde propostas tan diferentes como a música, o teatro, as artes plásticas, a literatura...

Mais Vigo segue a espaxer os seus tentáculos abranguendo máis e máis territorios de xeito que, xa a día de hoxe, a súa influencia acada moitas ducias de quilómetros, establecéndose como un dos puntos clave dun Eixo Atlántico no que tamén converxerían A Coruña, Compostela, Porto...